

## “Xogando co Atletismo 2”

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo organiza, dentro do programa deportivo XOGADE, o programa “Xogando co Atletismo 2”, para promover o ATLETISMO nos Centros Escolares, xunto co programa “Xogando co Atletismo 1”.

“Xogando co Atletismo 2” vai dirixido ó alumnado de Educación Secundaria, estimulando a participación con competicións por equipos e unha competición final nacional chamada “*Divirtiéndose con el Atletismo*”.

O programa “Xogando co Atletismo 2” son competicións por equipos para Centros Escolares de Secundaria e consta de tres fases:

- **Fases clasificatorias**, a desenvolver entre novembro e o 6 de decembro do 2009 en cada unha das áreas de influencia das delegacións da Federación Galega de Atletismo.
- **Fase Autonómica**, a desenvolver o domingo 13 de decembro do 2009 na Pista Cuberta do Pazo dos deportes de Riazor, en A Coruña.
- **Fase Final Nacional**, denominado I Campionato “*Divirtiéndose con el Atletismo*” a desenvolver o sábado 16 e domingo 17 de xaneiro do 2010 no Pazo dos Deportes de Zaragoza (Rúa Condes de Aragón, nº 5).

### Participantes:

O programa “Xogando co Atletismo 2” vai dirixido ós centros de ensino, e ten un carácter eminentemente lúdico.

### Obxectivos xerais:

- Facilitar a práctica deportiva, dando continuidade ó programa “Xogando co Atletismo 1”
- Potenciar os xogos motrices como instrumento educativo
- Facilitar a iniciación ó atletismo en pista, reducindo a carga agonística e reforzando o aspecto lúdico.
- Fomentar a práctica atlética educativa e saudable nas pistas atléticas galegas.

### Escenario das prácticas

As probas deste programa celebraranse nas Pistas de Atletismo da Comunidade Autónoma Galega.

### Categorías:

Nas xornadas de “Xogando co Atletismo 2” desenvolveranse catro competicións diferentes: dous grupos diferentes de idade, tanto en chicos coma en chicas.

Os grupos de idades son:

- **Infantil:** Nados en 1998-1997: Equipos de 4 chicos, ou 4 chicas, matriculados en Secundaria no mesmo Centro Escolar no curso 2009-2010.
- **Cadete:** Nados en 1996-1995-1994: Equipos de 5 chicos, ou 5 chicas, matriculados en Secundaria no mesmo Centro Escolar no curso 2009-2010.

Na Final Nacional non poderán participar chicos e chicas do ano 1998 nin 1994.

Os Centros Escolares poderán participar en cada unha das catro competicións (infantil masculino, infantil feminino, cadete masculino e cadete feminino).

### Contidos das xornadas:

#### INFANTIL:

- Participación masculina e feminina.
  - Equipos de 4 chicos ou chicas.
  - Cada un dos 4 compoñentes dun equipo deberá facer 3 probas e a de relevos, de tal modo que cada unha das 5 probas do programa deberán terse feitas polo menos por 2 compoñentes do equipo. O programa está composto por cinco probas individuais e un relevo:
1. 50 m (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado).
  2. 50 m valos (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado) (Altura dos valos: 76 cm) (Distancias: 10,50 m ao primeiro valo, 7,50 entre valos e 9,50 m entre o último valo e meta).
  3. Salto de lonxitude (2 intentos) (Carreira de impulso limitada a unha distancia máxima de 20 m). Para que non haxa moitos nulos haberá unha zona de batida ampla: 50 cm, medíndose dende o final dela.
  4. Lanzamento de peso (2 intentos) (Con 3 kg).
  5. 800 metros.
  6. Relevos 4 x 100 metros

#### CADETE:

- Participación masculina e feminina.
  - Equipos de 5 chicos ou chicas.
  - Cada un dos 5 compoñentes dun equipo deberá facer 3 probas e a de relevos, de tal modo que cada unha das 6 probas individuais do programa deberán terse feitas polo menos por 2 compoñentes do equipo. O programa está composto por seis probas individuais e un relevo:
1. 60 m (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado).
  2. 60 m valos (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado) (Altura dos valos: 76 cm as mozas e 84 cm os mozos) (Distancias: 13,00 m ao primeiro valo, 8,50 entre valos e 13,00 m entre o último valo e meta).
  3. Salto de altura (estilo tesoiras). Un máximo de dous intentos por altura
  4. Lanzamento de peso (2 intentos) (Mozas con 3 kg e mozos con 4 kg).
  5. 1000 metros.
  6. 3 Km Marcha
  7. Relevos 4 x 100 metros

Cada Centro Escolar poderá inscribir ós equipos que desexe nesta xornada. En calquera caso, o Servizo Provincial poderán regular este aspecto, a teor do número de participantes, coa intención de asegurar un axeitado desenvolvemento do programa.

## Puntuación e Clasificacións:

A clasificación será independente en cada grupo de idade e sexo.

Na Final Nacional e en cada unha das competicións das Fases Clasificadoras e Autónoma puntuarase por postos, segundo o número de Equipos participantes.

A puntuación en todas as probas, incluído o relevo, efectuarase da seguinte forma:

Con N escolares participantes: N puntos ó 1º, N-1 ó 2º, N-2 ó 3º e así sucesivamente ata 1 punto ó participante N.

Os escolares (ou equipos de relevos) retirados ou descalificados non puntuán.

En caso de empate nunha proba en dous ou máis postos, a puntuación de cada un dos empatados obterase da suma dos puntos dos postos empatados e dividirase entre o número de empatados.

Na proba de relevos unha saída de zona suporá unha penalización de 10 puntos, dúas saídas de zona 20 puntos e otorgarase un só punto se realizan tres ou máis saídas de zona.

A puntuación total de cada equipo obterase da seguinte maneira:

- **Nados en 1998-1997:** De sumar as 11 mellores puntuacións das 13 obtidas polos 4 compoñentes do equipo ó rexeitar as dúas peores puntuacións.
- **Nados en 1996-1995-1994:** De sumar as 13 mellores puntuacións das 16 obtidas polos 5 compoñentes do equipo ó rexeitar as tres peores puntuacións.

En cada fase e categoría será vencedor o Centro Escolar que consiga máis número de puntos.

En caso de empate a puntos declararase vencedor ó equipo que teña conseguido máis primeiros postos, de continuar o empate o que teña conseguido máis segundos postos e así sucesivamente.

## Participantes lesionados

Se algún dos compoñentes dun equipo lesiónase nun quecemento ou na competición, non poderá ser substituído por ningún/ninguha compañeiro/a de equipo nas probas que tivera que facer, ó estar contemplado no regulamento rexeitar as dúas/tres (segundo o grupo de idade) peores puntuacións.

Para o relevo, e tan só se houbera un/unha lesionado/a no equipo, o/a participante lesionado/a substituirase por un compoñente do seu equipo, que se sorteará entre os restantes compoñentes do equipo. O compañeiro/a que substitúa o lesionado/a deberá correr a primeira e a última posta.

Se houbera dous/dúas lesionados ou máis nun equipo, o equipo non poderá correr o relevo.

## Presentación da documentación dos equipos participantes, comunicación de cambios e entrega de dorsais.

Nos días previos a cada fase comunicarase o lugar de celebración e os horarios, ademais da normativa interna.

## Clasificación para a Fase Autonómica

Participarán na Fase Autonómica en cada unha das catro categorías (infantil e cadete, tanto masculino coma feminino) os oito Centro Escolares que mellor puntuación obteñan (directamente por sumatorio de puntos por postos e non por estadillo de marcas) na Fase Clasificatoria realizada en cada unha das delegacións da Federación Galega de Atletismo, ata o 6 de decembro do 2009.

O mesmo criterio de puntos por postos seguirase para determinar ó Centro Escolar que se proclame Campión Galego en cada unha das categorías.

## Clasificación para a Fase Final Nacional (normativa da RFEA)

A criterio da RFEA participarán na Fase Final Nacional en cada unha das catro categorías os oito Centro Escolares do Estado Español que mellor puntuación obteñan mediante un estadillo de marcas realizadas na Fases Clasificatorias e Final das Comunidades Autónomas, cun máximo en cada unha das catro competicións dun Centro Escolar por Comunidade Autónoma; é dicir, no mesmo grupo de idade e sexo non poderán participar dous colexos da mesma Comunidade, clasificándose tan só o de maior puntuación.

**Nados en 1997:** o estadillo conformarase coas marcas realizadas e as súas puntuacións nas 3 probas diferentes, das relacionadas máis arriba, por cada un dos 4 compoñentes do equipo, debendo ter polo menos 2 puntuacións cada unha das 5 probas do programa, e puntualas segundo a Táboa de puntuación da RFEA.

Rexeitaranse dúas puntuacións: nas probas que teñan máis de dúas puntuacións, as que sexan terceiras e/ou cuartas puntuacións rexeitaranse.

O relevo non se puntuará para clasificarse na Final Nacional do 16 de xaneiro.

**Clasificaranse para a Final Nacional en cada unha das dúas clasificacións (masculina e feminina) desta categoría infantil, os oito Centros Escolares da península con mellor puntuación. En caso de igualdade de puntuación para o oitavo posto clasificarase o colexio que teña a puntuación máis alta nunha das 5 probas, se aínda se mantén a igualdade o que teña a segunda puntuación máis alta nunha das 5 probas, e así sucesivamente ata desfacer a igualdade.**

**Nados en 1995 e 1996:** o estadillo conformarase coas marcas realizadas e as súas puntuacións en 3 probas diferentes, das relacionadas máis arriba, por cada un dos 5 compoñentes do equipo, debendo ter polo menos 2 puntuacións cada unha das 6 probas do programa, e puntualas segundo a Táboa de puntuación da RFEA.

Rexeitaranse tres puntuacións: nas probas que teñan máis de dúas puntuacións, as que sexan terceiras, cuartas ou quintas puntuacións rexeitaranse.

O relevo non se puntuará para clasificarse na Final Nacional do 16 de xaneiro.

**Clasificaranse para a Final Nacional en cada unha das dúas clasificacións (masculino e feminina) desta categoría cadete, os oito Centros Escolares con mellor puntuación, tanto en chicos coma en chicas. En caso de igualdade de puntuación para o oitavo posto clasificarase o colexio que teña a puntuación máis alta nunha das 6 probas, se aínda se mantén a igualdade o que teña a segunda puntuación máis alta nunha das 6 probas, e así sucesivamente ata desfacer a igualdade.**

As táboas de puntos da Real Federación Española de Atletismo para valorar a puntuación das probas de cara á clasificación para a Fase Final Nacional pódese ver na circular nº: 237/2009 da Real Federación Española de Atletismo ([www.rfea.es](http://www.rfea.es)).

Para obter unha puntuación correcta no caso de tempos manuais añádiranse ós tempòs realizados 0.24 segundos para as distancias de 50 m, 60 m, 50 m valos e 60 m valos.

As marcas que se atopen entre dúas puntuacións, puntuaranse coa máis baixa.

***Na Final Nacional do 16 e 17 de xaneiro, a disputar en Zaragoza, non poderán participar os chicos e chicas de ano de nacemento 1997 nin 1994.***

## PROBAS DA CATEGORÍA INFANTIL MASCULINO E FEMININO

50 m (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado).



50 m valos (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou gachado) (Altura dos valos: 76 cm) (Distancias: 10,50 m ao primeiro valo, 7,50 entre valos e 9,50 m entre o último valo e meta).



Salto de lonxitude (2 intentos) (Carreira de impulso limitada a unha distancia máxima de 20 m). Para que non haxa moitos nulos haberá unha zona de batida ampla: 50 cm, medíndose dende o final dela



Lanzamento de peso (2 intentos) (Con 3 kg).



800 metros.



Relevos 4 x 100 metros





## PROBAS DA CATEGORÍA CADETE MASCULINO E FEMININO

60 m (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado).



60 m valos (Non se utilizan tacos de saída. Posición de saída libre: de pé ou agachado) (Altura dos valos: 76 cm as mozas e 84 cm os mozos) (Distancias: 13,00 m ao primeiro valo, 8,50 entre valos e 13,00 m entre o último valo e meta).



Salto de altura (estilo tesoiras). Un máximo de dous intentos por altura



Lanzamento de peso (2 intentos) (Mozas con 3 kg e mozos con 4 kg).



1000 metros.



3 Km Marcha



Relevos 4 x 100 metros



## I PROGRAMA 2010 “XOGANDO CO ATLETISMO” TÁBOA DE PUNTUACIÓN DO CENTRO ESCOLAR FASES CLASIFICATORIAS E FINAL AUTONÓMICA

NOME DO CENTRO ESCOLAR: \_\_\_\_\_

NOME DO EQUIPO: \_\_\_\_\_

GRUPO DE IDADE: \_\_\_\_\_

CATEGORÍA (masculina ou feminina): \_\_\_\_\_

Datos do Centro Escolar: Nome do/da Director/a: \_\_\_\_\_

Rúa: \_\_\_\_\_, nº: \_\_\_\_\_ Código Postal: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Persoa encargada para o Torneo: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Lugar de celebración da xornada: \_\_\_\_\_

Data de celebración da xornada: \_\_\_\_\_

Entidade organizadora da xornada: \_\_\_\_\_

PART	DORSAL	DATOS DOS ALUMNOS: Nome e apelidos. Data de nacemento. Licencia. (Cada un dos datos nuha liña)	PROBA	MARCA	PUNTOS MARCA	POSTO	PUNTOS POSTO
1		-					
1		-					
1		-					
2		-					
2		-					
2		-					
3		-					
3		-					
3		-					
4		-					
4		-					
4		-					
5*		-					
5*		-					
5*		-					
			RELEVOS				
Dúas ou tres* puntuacións que se eliminan:							
TOTAL PUNTOS (eliminando as dúas ou tres* peores puntuacións. Fases Clasificatorias e Autonómica)							
TOTAL PUNTOS (eliminando as dúas ou tres* peores puntuacións e a proba de relevos)							

\* Só para o grupo de idade 1994, 1995 y 1996, categoría cadete.